

COMO SOLICITAR PORTUGUÊS COMO SEGUNDA LÍNGUA ESTRANGEIRA NO MEU CENTRO EDUCATIVO

A asociación *Docentes de Portugués na Galiza* desea informar os profesores e professoras do ensino secundario galego acerca do procedemento para solicitar portugués como segunda lingua estrangeira:

1. O primeiro paso é comunicar à dirección do centro o interese en leccionar lingua portuguesa como segunda lingua estrangeira e solicitar a inclusión desta disciplina na oferta educativa para o ano seguinte. **O órgano habitual por medio do qual se realiza a proposta de disciplinas é a CCP (Comissão de Coordinación Pedagógica).** A oferta educativa é incluída no Projecto Educativo do centro e a seguir aprobada pelo Consello Escolar.

2. É posible leccionar portugués no bacharelato ou na ESO. O aconselhável é iniciar a oferta no primeiro ano de cada etapa e ir ampliando progresivamente aos anos seguintes.

A segunda lingua estrangeira é obrigatória em 1º e 2º de ESO.

A segunda lingua estrangeira é optativa em 3º e 4º de ESO e no bacharelato.

3. O número de horas atribuídas é o seguinte:

1º ESO - 2 horas

2º ESO - 2 horas

3º ESO - 3 horas

4º ESO - 3 horas

1º BAC - 4 horas

2º BAC - 4 horas

4. Quanto ao número de alumnos e alunas matriculados, a legislação do bacharelato establece o seguinte:

As materias optativas deberán contar cun número mínimo de 10 alumnas e alumnos. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse con cinco alumnas ou alumnos, sempre con carácter extraordinario. Neste caso precisará da autorización expresa da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

(Artigo 5.1 da orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta, DOG de 27 de xuño de 2008)

5. A lingua portuguesa figura como posible segunda lingua estrangeira na legislación em vigor:

"e) A segunda lingua estranxeira poderá ser alemán, francés, inglés, italiano ou **portugués**."

(**Punto 5 letra e** da orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG de 12 de setembro de 2007.)

LEGISLAÇÃO

- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007).
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 12 de setembro de 2007).
- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 23 de xuño de 2008).
- Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta (DOG do 27 de xuño de 2008).

Se estiveres interesado em ensinar portugués ou tiveres dúbidas, comentários ou sugestões, podes contactar connosco através do e-mail dpgaliza@gmail.com ou da página <www.dpgaliza.org>.

Com os melhores cumprimentos,

Docentes de Portugués na Galiza